



GUÍA RÁPIDA Ler conta moito 2026



Claves para as bibliotecas sobre a xestión de actividades e as subvencións do programa

Datas importantes



- **11 de marzo.** Publicación do catálogo.
- **Do 11 de marzo ao 31 de outubro.** Período de programación e execución.
- **13 de novembro.** Último día para confirmar as actividades realizadas e xustificar o gasto.

Acceso á plataforma de programación



- <https://rbgalicia.xunta.gal/> > *Dinamización da Lectura - Ler Conta Moito* > *Programación de actividades*
- <https://lercontamoito.xunta.gal/solicitudes-subvencion/>

Programación das actividades



- **Busca e selecciona** as actividades no [catálogo público](#) ou desde a [plataforma de programación](#).
- Contacta co/a **artista ou profesional** e acorda as condicións
- **Comunica a actividade** na plataforma
- Comproba que aparece publicada no [calendario](#)

Modificacións



Se xa tes unha actividade programada, desde a plataforma podes (**antes da data de realización**):


- **Cambiar** a data, lugar ou número de prazas.
- **Suspendela** temporalmente.
- **Substituíla** por outra do catálogo.



Comunica todos os cambios na plataforma para que sexan visibles no calendario



Condicións xerais de execución



- **Mínimo requirido:** cada biblioteca debe programar polo menos **2 actividades**.
- **Espazos:** deben realizarse na biblioteca ou espazos anexos, ou ben noutros lugares sempre que se identifique de forma clara a vinculación entre a actividade e o servizo bibliotecario.
- **Idioma:** todo o acompañamento e difusión debe ser en **galego** (normas da RAG).
- **Publicidade:** é obrigatorio incluír o **logotipo do programa e a imaxe institucional** da Xunta de Galicia.


Obrigas posteriores



No prazo de **5 días** desde a realización da actividade:

- Accede á plataforma Ler Conta Moito e:
 - **Confirma a execución** da actividade
 - **Cubre a enquisa** de valoración
- **Publica no blog** do programa unha foto e un comentario

Financiamento



- O **custo das actividades** que figura no catálogo inclúe todos os impostos (IVE e IRPF).
- **Gasto subvencionable:** a subvención cobre o **75%** de cada actividade, **sempre co límite do importe concedido**; o concello achega o **25%** restante.
- Para completar o proceso e recibir o pagamento, cómpre **presentar a documentación xustificativa**



Cobrar máis do prezo indicado no catálogo supón que o/a profesional será excluído da seguinte convocatoria. Ademais, ese exceso non é subvencionable.



lercontamoito@xunta.gal

881 999 252 – 881 999 773 – 881 999 729

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/axudas-subvencions/dinamizacion-da-lectura>